

SOLICITUDE DE PUBLICACIÓN EN FERVENZAS

DATOS IDENTIFICATIVOS DO/DA AUTOR/A			
Apelidos			
Nome:		D.N.I./ NIE:	
Enderezo:			
Localidade:		Provincia:	
Teléfono:		Móbil:	
Correo electrónico:		Nº de colexiación:	
Centro de traballo/estudo		Profesión (caso de non ser TS)	
TÍTULO DO TRABALLO , SECCIÓN E Nº DA REVISTA			

DECLARA RESPONSABLEMENTE
Que coñece e acepta as normas para publicar na Revista Galega de Traballo Social Fervenzas.
Que o traballo presentado é orixinal e inédito, non sendo publicado con anterioridade, ou publicado nun idioma diferente ao galego
Que no caso de ser aceptado o traballo presentado, autoriza ao COTSG a súa publicación na Revista Galega de Traballo Social "Fervenzas", nos termos establecidos no Anexo I "Datos do uso autorizado"
SOLICITA
Participar na convocatoria para a presentación de traballos á mesa de redacción de Fervenzas

En a de de

O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL é o Responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Finalidade do tratamento: publicación de artigos na Revista Galega de Traballo Social Fervenzas.

Criterios de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter a finalidade fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten ao Interesado:

-Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
-Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición ao seu tratamento.

-Dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL. Rúa Dublín (Fontiñas) nº 6 – Baixo – 15707 Santiago de Compostela (A CORUÑA). Email: info@traballosocial.gal

Para realizar o tratamento de datos descrito, o Responsable do tratamento necesita o seu consentimento explícito ou o do seu representante legal.

O Interesado consente o tratamento dos seus datos nos termos expostos:

• Sí • Non

Asdo.

ANEXO I : DATOS DO USO AUTORIZADO

TIPO DE AUTORIZACIÓN:

- Dereitos de transformación (na medida en que sexa necesario para adaptar o contido ao formato, imaxe ou aparencia precisa para visualizar, reproducir ou gardar a obra), reprodución, distribución, e comunicación pública¹.
- Pertence e seguirá pertencendo a cada autora e cada autor a titularidade dos dereitos morais sobre a/s obra/s obxecto desta cesión, así como os dereitos de explotación en todo o que non contradigan nin limiten os dereitos cedidos no presente documento.

TIPO DE SOPORTE:

- Soporte físico impreso para FERVENZAS.
- Soporte electrónico para FERVENZAS.

EXTENSIÓN DA AUTORIZACIÓN:

- Para a persoa autora, NON EXCLUSIVA (2).
- Para a entidade autorizada, SEN FACULTADE DE CESIÓN A TERCEIRAS PARTES (3).
- **EXTENSIÓN TERRITORIAL:** UNIVERSAL, incluído todo o territorio ao cal chegue Internet.

¹ Cada autora ou autor efectúa por medio da sinatura do presente documento unha DECLARACIÓN RESPONSABLE de:

1. Coñecer e aceptar as CONDICIÓNNS PARA PRESENTAR ARTIGOS EN FERVENZAS, REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL, disponibles en http://traballosocial.org/web/images/stories/pdf/normas_publicacion_fervenzas.pdf
2. Ser AUTORA ou titular lexítima, por calquera título, dos dereitos de propiedade intelectual axeitados e de abondo para os efectos do presente documento, en particular dos dereitos os dereitos patrimoniais de transformación (na medida en que sexa necesario para adaptar o contido ao formato, imaxe ou aparencia precisa para visualizar, reproducir ou gardar a obra), reprodución, distribución, e comunicación pública dos textos completos dos artigos publicados na revista FERVENZAS do COTSG e para as demais actuacións de explotación que o COTSG considere máis beneficiosa para a difusión dos mesmos, sempre que sexan actuacións gratuítas, preferentemente para uso privado e/ou con fins de estudo, docencia, formación ou investigación, incluíndo a posibilidade de realizar a comunicación pública ou posta a disposición das publicacións a través de internet, con posibilidade de facilitar o acceso libre e gratuítu aos textos completos, de todos e cada un dos compoñentes desa propiedade intelectual, incluíndo non só texto, senón tamén, se as houberse, ilustracións, fotografías ou calquera outro tipo de imaxe, e calquera outro elemento susceptible de ser considerado propiedade intelectual.
3. Para o suposto de que a OBRA non se teña publicado nin difundido anteriormente, declara e garante que se trata dun inédito
4. Para o suposto de que a OBRA teña sido previamente publicada e/ou difundida pola propia persoa AUTORA ou por calquera terceira parte, en calquera territorio, e estea ou non descatalogada, declara e garante que o contido do presente é compatible coa/s citada publicación e/ou difusión, de maneira que os dereitos autorizados ao COTSG non lesionan, nin lesionarán, non prexudican, nin prexudicarán dereitos de terceiras partes e, neste senso, faise enteiramente responsable de calquera reclamación que o COTSG poida recibir por este motivo, para o suposto de falsidade, incorrección ou inexactitude da presente declaración e garantía.
5. Para todo caso, a persoa AUTORA declara e garante que non ten contraídas sobre a OBRA nin contraerá no futuro obrigas e/ou cargas ou gravames que poidan entorpecer ou prexudicar o exercicio pacífico dos dereitos regulados nos termos deste contrato.

² A persoa AUTORA ou titular lexítima dos dereitos poderá efectuar cesión tamén a calquera outra persoa ou entidade en tanto non lesione nin prexudique nin limite os dereitos do COTSG ou de terceiras partes.

³ O COTSG no poderá á súa vez efectuar cesión de dereitos a terceiras partes. Non terán a consideración de terceiras partes aquelas persoas físicas ou xurídicas con quen o COTSG subscriba contratos ou convenios ou calquera tipo de colaboración para a execución total ou parcial do contido do presente documento, en particular a [FUNDACIÓN DIALNET](#). Para todo caso, o COTSG non poderá efectuar sen o consentimento de cada AUTORA ningunha cesión total nin parcial que sexa lucrativa.

A persoa AUTORA non fará reclamación económica nin de ningún outro tipo sobre o uso que da OBRA faga o COTSG en tanto se respecten as condicións detalladas no presente documento.